



# II MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

# ANEXO II

## ANEXO II

Contido do cuestionario en liña dirixido a cargos públicos municipais referido aos equipamentos bibliotecarios cos que contan os concellos.

### 1. Persoal

1.1. *Situación laboral do persoal.* Referido á situación laboral do persoal que prestou servizo na biblioteca en 2020 (número total de persoas traballadoras en equivalencia a tempo completo). Persoal fixo / temporal / provisión externa. Resposta número.

1.2. *Formación do persoal.* En relación a cantos efectivos asistiron a accións de formación en materia de bibliotecas ou de interese para o servizo bibliotecario en 2020. Institucións que as ofertaron. Concello/ Xunta de Galicia/ outras entidades. Resposta número.

### 2. Colección

*Fondos especiais.* Referido ao fondo antigo. Publicacións anteriores a 1901 ou publicadas entre 1902 e 1958 (libros, prensa, folletos, carteis, outras publicacións menores). Resposta si/non.

3. **Dixitalización.** Referido ás instalacións informáticas da biblioteca ou situadas en instalacións anexas. Biblioteca, Aula de informática, Aula CEMIT, ou outras.

*Postos informatizados para persoas con diversidade funcional:* Equipos con webcam, Impresoras, mesas electrificadas, baterías portátiles. Resposta número.

4. **Acceso.** Referido aos *equipamentos ou servizos para facilitar o acceso á biblioteca.*

Prazas de aparcadoiro rápido reservadas, descontos en aparcadoiros públicos, aparcadoiro público nas inmediacións, paradas de autobús a menos de 15 minutos andando, aparcadoiro para bicicleta e patinetes. Resposta si/non.

5. **Sustentabilidade.** Referido aos *equipamentos ou instalacións orientadas a garantir a sustentabilidade ambiental e o aforro enerxético.*

Sistema de climatización baseado en enerxías limpas, solucións construtivas favorecedoras do illamento térmico do edificio, solucións para o aforro de auga, solucións para reducir o uso de plásticos e outros materiais difíciles de reciclar, sistemas para depositar o lixo de xeito separado, sistemas de fornecemento de enerxía limpa (paneis solares, eólicos de tamaño reducido, xeradores de bioenerxía). Resposta si/non.

## 6. A biblioteca accesible

6.1. *Instalacións para persoas con discapacidade.* Referido aos equipamentos cos que conta a biblioteca no seu exterior para garantir a igualdade de acceso a todas as persoas usuarias.

Transporte público adaptado, itinerarios peonís seguros libres de obstáculos, acceso ao edificio a través de rampla, ou cota 0, porta de entrada adaptada, prazas de aparcamento específicas ou reservadas para persoas con discapacidade, outros. Resposta si/non.

6.2. *Equipamento para persoas con discapacidade.* Referido aos equipamentos cos que conta a biblioteca no seu interior para garantir a igualdade de acceso a todas as persoas usuarias.

Sinalización tacto-visual adaptada para garantir a accesibilidade física, visual, auditiva e cognitiva (letras con dimensións adaptadas, pictogramas normalizados...), aseos adaptados. (porta, inodoro, lavabo, billa, espello...), mobiliario adaptado, ausencia de barreiras que impidan a deambulación, corredores libres de obstáculos, comunicacións verticais accesibles (escaleiras, pasamáns, banzos, ascensor con botoeira á altura adaptada...). Resposta si/non.

6.3. *Postos informatizados adaptados ás persoas con discapacidade.* Referido ao equipamento informático específico para a atención ás persoas con discapacidade.

Ordenadores con rato ou teclado adaptados, pasa páxinas, recursos braille, teléfonos de texto, lupas televisión, lupas electrónicas..., monitores de gran tamaño, webcam para lingua de signos , lectores de pantalla, outros. Resposta número.

6.4. *Colección adaptada ás persoas con discapacidade.* Referido á porcentaxe da colección específica para a atención ás persoas con discapacidade.

Libros de lectura fácil, audiolibros, obras adaptadas e traducidas en lingua de signos, obras en braille, libros de pictogramas. Resposta si/non.

6.5. *Accións de dinamización específicas para a atención á diversidade.* Referido ás diversas accións de dinamización levadas a cabo na biblioteca, cantas se planificaron especificamente para a atención á discapacidade en 2020.

Clubs de lectura para persoas con discapacidade, outras. Resposta número

6.6. *Persoal da biblioteca, algunha persoa ten formación específica para prestar asistencia ás persoas usuarias con discapacidade.* Resposta si/non

Coñece a lingua de signos

Formada na atención á diversidade e prestación de asistencia ás persoas con discapacidade.

## 7. Accións en acceso aberto

7.1. Referido ás *relacións activas e colaborativas con outro tipo de bibliotecas ou entidades*.

Con outras bibliotecas, voluntariado, tecido asociativo do eido sociocultural, empresas locais, tecido sociosanitario e asistencial locais, outras áreas da administración municipal. Resposta si/non

7.2. Tipos de accións que se levaron a cabo.

Fomento da igualdade, Proxectos vinculados ao envellecemento, Proxectos vinculados a evitar as situacións de illamento, Proxectos vinculados ao fomento e difusión doutras linguas, Atención á multiculturalidade, Atención a persoas LGTBI+, atención a minorías. Resposta si/non

## 8. Capacitación dixital e apoio ás persoas usuarias

8.1. *Tipo de accións formativas para a capacitación en competencias dixitais das persoas usuarias co obxectivo de reducir a fenda dixital*. Resposta si/non

8.2. *Oferta de información ou o apoio individualizado necesarios para mellorar a actuación das persoas usuarias no eido dixital*. Resposta si/non

## 9. Recursos activos de difusión pública da biblioteca

Web propia, espazo na web municipal, boletíns, folletos, carteis..., redes sociais, Participación habitual en prensa local: prensa escrita, Participación habitual en prensa local: radio, participación habitual en prensa local: TV. Resposta si/non

## 10. A biblioteca como lugar de socialización.

10.1. *A biblioteca como espazo de preservación e difusión da cultura*: Proxectos encamiñados á preservación e dixitalización do fondo local ou dos fondos especiais, Proxectos encamiñados á difusión da obra literaria a través de encontros con autoras e autores. Resposta si/non

10.2. *A biblioteca como espazo para aprender e crear*: espazos dedicados á experimentación, como talleres para a programación de actividades relacionadas co audiovisual, a tecnoloxía, a creación artística, a aprendizaxe en valores, a interrelación xeracional e outras. Resposta si/non

10.3. *A biblioteca como espazo para gozar*: salas de descanso e lecer, salas ou espazos dedicados ao visionado de cine e audiovisual, alas de xogos para xogar a videoxogos, xogos de mesa ou tradicionais, espazo cultural aberto a toda a veciñanza no que, calquera persoa poida acudir libremente nos seus momentos de ocio e de descanso. Resposta si/non

## 11. Premios e distincións

11.1. *Recoñecemento do servizo bibliotecario con algún premio ou distinción nos últimos cinco anos*. Resposta si/non

11.2. *Recoñecemento ás persoas usuarias do servizo con algún premio ou distinción nos últimos cinco anos ás persoas usuarias*. Resposta si/non

## 12. Plans de mellora do servizo

12.1. Realización de algún *estudo específico das persoas usuarias* para poder detectar as lagoas da tipoloxía de público ao que non chega de xeito eficiente a biblioteca ou os servizos que ofrece. Resposta si/non

12.2. *Plans de mellora prevé o concello para o servizo bibliotecario nos próximos cinco anos*. Resposta texto libre

12.3. *Aspectos que se poidan mellorar no relativo á relación entre o Concello e a Xunta de Galicia no que respecta ao servizo bibliotecario*. Resposta texto libre

## 13. Observacións.

Comentarios e observacións aclaratorias que considere oportunas sobre os resultados da ficha estatística informativa ou deste mesmo cuestionario. Resposta texto libre